- Como vai solucionar a falta de praza fixa de medicina familiar en Seoane do Courel?
- Cantos días quedaron cada un dos centros de saúde do Courel sen persoal médico en 2018 e 2019?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2019 18:39:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

A Xunta anunciou o Plan Director para o Hospital de Monforte que non amosou a En Marea – pese ás reiteradas peticións por parte deste grupo parlamentario -.

Deste xeito, a Xunta indicou que investirá 15 millóns de euros nunha reforma integral do Hospital de Monforte.

Este anuncio realizouse por parte da Consellería de Sanidade a finais de febreiro de 2019, pero sen concretar as partidas orzamentarias que se investirán e en que anos.

Nos orzamentos de 2019, a Consellería de Sanidade só consigna para hospitais comarcais en Lugo 190.026 €, o que corresponde ao Hospital de Monforte.

Asemade, no Plan Director anunciado nada se fala sobre o aumento de persoal necesario nin sobre a demandada consolidación das especialidades.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta de Galicia:

- Por que a Xunta non amosou o Plan Funcional ou Plan Director do Hospital ao Parlamento?
- Por que a Xunta non convidou ao persoal do Hospital ao anuncio do Plan Director?





- Por que a Xunta agarda ás vésperas das eleccións para presentar un plan que nin sequera ten detallado a nivel orzamentario?
- Cal será o orzamento do Plan Director do Hospital de Monforte e en que anualidades?
- Cando estará rematada a reforma integral do Hospital de Monforte?
- Que obras e con que fondos se realizarán no Hospital de Monforte en 2019?
- A conversión das habitacións en individuais vai diminuír o número de camas do Hospital de Monforte?
- Vai haber redución de persoal do Hospital de Monforte?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 07/03/2019 19:23:33



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na referencia aos medios do Consello da Xunta de Galicia desenvolvido o 7 de febreiro de 2019, comunícase que se aprobou o convenio entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Axencia de Turismo de Galicia, e o Clúster Empresarial de Turismo de Galicia para impulsar a marca Q de Calidade nos establecementos e servizos turísticos galegos.

A finalidade é que o número de establecementos galegos que teñen esta distinción aumente de cara ao ano 2021. E para acadar os obxectivos, a Xunta de Galicia, a través da Axencia de Turismo de Galicia, investirá 450.000 euros en tres anualidades, repartidos da seguinte maneira:

- Gastos de asistencia técnica externa para a coordinación das actuacións, para o que se destinarán 15.000 euros cada ano.
- Impulso na consecución de novas certificacións e o seguimento e renovación das xa existentes, con 405.000 euros repartidos en tres exercicios.

Por iso os deputados que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o contido do convenio para impulsar a marca Q de Calidade nos establecementos e servizos turísticos galegos?

2ª) Cal é o motivo polo que o dito convenio non está dispoñible na páxina de transparencia da Xunta de Galicia?

3ª) Cal foi o procedemento para a contratación desta asistencia técnica?

4ª) Cal é o procedemento que ten a Xunta de Galicia para o cumprimento dos requisitos á hora de manter a marca Q de Calidade nos establecementos e servizos turísticos galegos?





Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/03/2019 10:54:48

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/03/2019 10:54:56



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez, María Pierres López e Xoaquín Fernández Leiceaga, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Son coñecidas as vantaxes que comporta a implantación de escolas infantís nos centros de traballo, como unha medida positiva cara á conciliación, e que derivan, entre outras cuestións, nunha redución do absentismo, un aumento da motivación e da produtividade, a mellora da planificación, a diminución da ansiedade, a mellora da comunicación, o aumento da calidade e tempo de descanso, etc.

Pódese comprobar que aínda son escasos en Galicia este tipo de establecementos infantís en empresas e organismos, públicos ou privados, de certa dimensión e cun número de persoas traballadoras de certa relevancia.

A Consellería de Política Social ten convocado axudas para promover a construción de escolas infantís en polígonos industriais, condicionadas ao cumprimento dunhas determinadas condicións mínimas, pero cun éxito bastante limitado.

Dáse ademais a circunstancia de que a propia Xunta de Galicia conta con escasos espazos dedicados a escolas infantís nos seus propios centros de traballo máis importantes. Cabe mencionar nomeadamente que o complexo de San Caetano non conta con tales servizos, pese ao numeroso persoal que presta o seu traballo nestas dependencias na capital da nosa comunidade, o que contrasta con outros centros da propia Administración autonómica que cun menor número de persoal contan con tales servizos.

A Axencia Galega de Servizos Sociais convoca anualmente un procedemento de adxudicación de prazas para fillos e fillas do persoal da Xunta de Galicia, pero como pode comprobarse, unicamente os complexos administrativos autonómicos de Vigo e Pontevedra están dotados de escolas infantís nas súas propias dependencias, pero non acontece o mesmo no resto, nos casos que recolle a Resolución das cidades de Santiago, A Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense.



Tamén cabe referirse cara ao futuro próximo, que coa construción da estación intermodal en Santiago, se efectuará o traslado da actual estación de autobuses, quedando ese inmovible integrado nos espazos públicos da Administración autonómica, cunhas actuacións a acometer que deberan incluír a realización dunha escola infantil.

Todo o cal leva á conclusión da bondade e a necesidade de realizar desde a Xunta de Galicia unha proposta sobre a implantación dos servizos de escolas infantís nos seus propios centros de traballo máis importantes, cuestión que debe contar coa participación e colaboración das organizacións sindicais máis representativas, e na que se incluíría unha previsión sobre os tempos concretos e investimentos necesarios cara á súa efectiva implantación, que non debe ser superior a catro anos.

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Contempla o Goberno galego a posibilidade de proceder á implantación dun servizo de escolas infantís para os empregados e as empregadas da Administración autonómica en Santiago de Compostela?

2ª) Se é o caso, en que prazos e cales son as súas principais características?

3ª) Ten previsto realizar unha planificación ao respecto da implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica nos centros de traballo propios máis importantes?

4ª) Cales considera que poderían ser estes?

5ª) Se for o caso, en que prazos e cales son as súas principais características?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 08/03/2019 11:25:03

Noela Blanco Rodríguez na data 08/03/2019 11:25:20





Julio Torrado Quintela na data 08/03/2019 11:25:26

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2019 11:25:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2019 11:25:42

Patricia Otero Rodríguez na data 08/03/2019 11:25:46

María Luisa Pierres López na data 08/03/2019 11:25:53

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2019 11:25:58



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Maria Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O colectivo #FilosofíaSI vén de remitir ao Grupo Parlamentario Socialista unha copia da queixa dirixida á Valedora do Pobo relacionada coa situación que se dá nun centro desta Comunidade Autónoma relacionada coa obriga que se impón ao alumnado, pola vía dos feitos, de cursar a materia de Relixión católica para poder cursar outras materias.

Afirman, ademais, que na práctica totalidade dos centros se dá unha situación similar.

O anterior é consecuencia do establecido no marco normativo que, regulado anualmente mediante resolución, contempla o seguinte para o curso 2018/2019:

O alumnado cursará no primeiro curso e dentro da modalidade correspondente, segundo o establecido no artigo 30 e no anexo IV do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, as seguintes materias:

- a) Catro materias xerais do bloque de materias troncais.
- b) Dúas materias de entre as materias troncais de opción.
- c) Lingua galega e Literatura.
- d) Educación Física.
- e) Un mínimo de dúas e un máximo de tres materias de entre as materias específicas de elección.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional foi ampliando o catálogo de materias de libre configuración autonómica mediante a publicación das correspondentes ordes (Orde do 15 de xullo de 2015, pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta; Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta; Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación



secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta; e, Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta).

Catro ordes que, segundo se desprende da súa lectura, teñen como obxecto seguir incrementando as opcións de elección dos centros docentes, dentro do seu marco de autonomía, e do seu alumnado.

Non obstante, e tal como denuncia o colectivo #FilosofíaSI, a elección do alumnado está limitada pola necesidade que teñen os centros de configurar itinerarios que supoñan unha carga lectiva de seis sesións semanais combinando materias que teñen 4, 3, 2 ou 1 sesión semanal; na práctica, unha elección dunha materia de 3 sesións semanais e outra de 2, supón necesariamente que a outra materia sexa de 1 sesión semanal, o que se reduce case en exclusiva ao caso de Relixión católica.

Ante a situación exposta, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) É consciente a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da situación exposta?
- 2ª) Que valoración fai de que se dean circunstancias nas que o alumnado debe cursar unha materia de carácter confesional en determinados supostos organizativos?
- 3ª) Ten intención de corrixir o marco normativo de modo que non se dean situacións como as que demanda o colectivo #FilosofíaSI?

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/03/2019 16:43:00

Maria de la Concepción Burgo López na data 08/03/2019 16:43:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a cobertura urxente dos postos de traballo na Oficina agraria comarcal de Lugo e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

A Xunta de persoal dos servizos periféricos da Xunta de Galiza en Lugo reclamou, a través dunha carta enviada á Consellaría de Medio Rural, a cobertura urxente dos postos de traballo na Oficina agraria comarcal de Lugo.

Actualmente esta oficina conta apenas con dúas prazas cubertas após a xubilación dunha administrativa que non foi cuberta desde 2016 e dous técnicos que se atopan en comisión de servizos.

Desde calquera punto de vista o número de traballadoras e traballadores cos que conta actualmente este servizo é insuficiente tendo en conta que a Oficina comarcal agraria de Lugo atende seis concellos (Lugo, O Corgo, Guntín, Outeiro de Rei e Rábade) e máis de 7.300 explotacións das que 694 son prioritarias.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cando pensa a Xunta de Galiza cubrir os postos de traballo previstos na RPT para a Oficina agraria comarcal de Lugo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que non ten dotado o Goberno galego até o de agora do persoal necesario este servizo?

- Cre que dúas persoas son suficientes para atender a carga de traballo e prestar un servizo acaído ás necesidades das máis de sete mil explotacións dos seis concellos aos que abrangue esta Oficina?

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/03/2019 18:28:30

María Montserrat Prado Cores na data 11/03/2019 18:28:37

Ana Pontón Mondelo na data 11/03/2019 18:28:38





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 11/03/2019 18:28:39

Noa Presas Bergantiños na data 11/03/2019 18:28:41

Xosé Luis Bará Torres na data 11/03/2019 18:28:43





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O martes 12 de marzo o Boletín Oficial do Estado publicaba a Orde TEC/271/2019, do 6 de marzo, pola que se establecen os suplementos territoriais nas Comunidades Autónomas de Andalucía, Aragón, Principado de Asturias, Cantabria, Castilla y León, Cataluña, Extremadura, Galiza, Madrid, Murcia e Navarra en relación coas peaxes de acceso de enerxía eléctrica correspondentes ao exercicio 2013 e se establece o procedemento de liquidación dos suplementos territoriais.

Desta forma culmina un longo proceso que suporá o pago por parte das persoas consumidoras dos impostos específicos que paguen as empresas eléctricas pola súa produción. Así as cousas, a contía para cada persoa variará en función do consumo e a potencia contratada. Porén, o que fica claro é que Galiza sería quen teña que soportar un maior prezo como resultado da imposición deses suplementos.

Para o Bloque Nacionalista Galego esta situación é un absoluto escándalo, xa que se está a castigar a Galiza por ser produtora, xa non é que non reciba ningunha compensación, agora vai ser penalizada por producir e exportar enerxía ao resto do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación é un atentado ao autogoberno galego e unha nova estafa ás galegas e galegos e o reflexo da inacción do Goberno de Feijóo que rexeitou en numerosas ocasións as propostas do BNG para recorrer tanto a modificación da normativa eléctrica que converteu en obrigatorio a inclusión nas peaxes eléctricas dos suplementos territoriais aprobada a través do Real Decreto-lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, como as Ordes ditadas en aplicación destas.

As medidas do Goberno galego chegaron tarde e teñen sido insuficientes, ademais de non ter emprendido negociación política algunha neste tempo. Así mesmo, o goberno de Pedro Sánchez non amosou ningunha vontade para que as comunidades produtoras non nos vexamos prexudicadas. Máis aínda, agardou até o último momento para emitir a orde.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o Goberno galego a Orde TEC/271/2019, do 6 de marzo?
- Vai demandar o Goberno galego do central que asuma as contías precisas para dar cumprimento ás sentenzas referentes aos suplementos territoriais de 2013?
- Como valora o fracaso dos recursos legais do Goberno galego a este respecto? Existe aínda algunha posibilidade?
- Que negociación política emprendeu ou vai emprender co Estado? Cal está a ser a formulación? Cales as peticións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que vai facer o Goberno galego diante da vulneración contra as competencias galegas en materia de tributación?

-Considera o Goberno galego que esta medida discrimina negativamente ás Comunidades produtoras como Galiza que soportan as instalacións de xeración?

-Vai modificar a Xunta de Galiza a súa política fiscal en relación á produción de enerxía?

-Segue a soste o Goberno galego que no Estado haxa unha tarifa única? Como explica entón o sobrecusto aos galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2019 11:06:16

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2019 11:06:20

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2019 11:06:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2019 11:06:23

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2019 11:06:24

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2019 11:06:26



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

Segundo datos da Xunta, o número de persoas que foron tratadas na provincia de Lugo pola Rede Asistencial de Trastornos Aditivos na UAD de Monforte desde o ano 2015 foron:

404 en 2015

420 en 2016

442 en 2017

Estes datos non se desagregan por idade nin sexo no caso de Monforte de Lemos.

No caso do total da provincia de Lugo, 9 mozas menores 18 anos foron tratadas por trastornos de adicción na Rede Asistencial, e 29 homes menores de 18 anos.

O número de mocidade con trastornos de adicción aumentou nos últimos anos.

Polo exposto, a deputada que subscribe pregunta á Xunta:

1. Cantas persoas foron tratadas na UAD de Monforte no ano 2018?
2. Cales foron os trastornos adictivos polos que foron tratadas as persoas que acudiron á UAD de Monforte dende 2015?





3. Cal é a desagregación por sexo e idade das persoas que foron tratadas na UAD de Monforte dende 2015?

4. Ten aumentado o número de mocidade con trastornos adictivos na provincia de Lugo nos últimos anos?

5. Ten analizado a Xunta as posibles causas do aumento das persoas tratadas por trastornos adictivos na UAD de Monforte?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/03/2019 11:51:40



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Ministerio de Educación convoca anualmente axudas para alumnado con necesidades específicas, para apoio pedagóxico.

Esta prestación destínase ao alumnado escolarizado, tamén nas escolas infantís, co obxectivo de contribuír aos gastos de apoio educativo, transporte, comedor adaptado ou Atención Temperá.

No caso galego, o alumnado das escolas infantís non pode acceder a estas becas porque só se conceden a alumnado de centros dependentes de Educación e os centros infantís galegos dependen da Consellería de Política Social.

Deste xeito, 9 axudas teñen sido denegadas a alumnado de infantil en Galicia. Ademais, esta cuestión burocrática impide que alumnado que o precise se anime a solicitalas.

A Consellería de Política Social ten aboado estas axudas ás familias ás que lles viñeron denegadas e afirma na prensa que se puxo en contacto co Ministerio de Educación para solventar este problema.

Polo exposto, a aeputada que subscribe formula as seguintes preguntas á Xunta:

1. Solicitou a Xunta ao Ministerio que se teña en conta ao alumnado de escolas infantís nas becas de apoio educativo?





2. Vai a Xunta impulsar a universalización do ensino 0-3 anos e situar as escolas infantís no organigrama da Consellería de Educación?

3. Que estimación ten a Xunta de alumnado de infantil 0-3 que precisa apoio educativo?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/03/2019 16:34:48



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou emendas aos orzamentos de 2019, así como aos dos anteriores anos, para compensar as partidas que se ven desatendidas, debido ás desequilibradas asignacións do programa 723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, que ademais o Goberno galego deixou sen executar 6 de cada 10 euros no ano 2017.

Xa en anos anteriores e, especialmente no pasado, desde distintas confrarías da Costa da Morte, chamouse a atención sobre os graves danos que se xeran no sector percebeiro pola extracción da mexilla en lugares estratéxicos para o percebe, co consentimento do Goberno galego, esquilmando as rochas e poñendo en perigo un recurso fundamental. As persoas percebeiras ven con asombro, rabia e impotencia o abuso que supón a actividade extractiva da mexilla por todo o litoral galego, porque con ela se destrúe o labor de protección e coidado do percebe.

Esta cuestión foi formulada polo Grupo Socialista ao Goberno, e na súa resposta, a Xunta de Galicia indicou que “a súa explotación comercial de forma coordinada e respectuosa entre especies e obxectivos da mesma. En todo caso, a simultaneidade da presenza destas especies e a vontade de extracción de cada unha delas por parte de dous colectivos diferentes esixe dun respecto e igualdade nesa capacidade de acceso e de rendabilización”.

Esta coordinación e respecto, ao que se fai referencia na resposta, non se percibe por parte das confrarías, senón que todo o contrario, desoíndose, incluso as recomendacións de mudar as seccións da extracción de mexilla realizadas polas persoas vixiantes. Isto dá lugar a constantes enfrontamentos e conflitos, no que se bota de menos a xestión da Consellería do Mar, en canto á dita necesidade de traballo conxunto. Por parte das confrarías enténdese que se deben establecer zonas exentas de extracción da mexilla nas áreas de especial sensibilidade para o percebe galego. Esta situación agrávase como consecuencia da perda das axudas destinadas á vixilancia e asistencia técnica ao amparo do FEMP.



Por iso as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego os graves inconvenientes que vén sufrindo o sector percebeiro como consecuencia da falla de coordinación coa extracción da mexilla?

2ª) Vai establecer o Goberno galego zonas exentas de extracción de mexilla nas áreas de especial sensibilidade para o percebe galego? En caso positivo, cando?

3ª) Vaise poñer en contacto o Goberno galego coas confrarías afectadas pola extracción da mexilla para coñecer os súas demandas? En caso positivo, cando?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/03/2019 17:09:34

Patricia Otero Rodríguez na data 12/03/2019 17:09:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**.

Fai pouco que se fixo pública unha auditoría sobre os obxectivos e funcionamento da UCI do HULA, na que presuntamente se desvelaban unha serie de observacións respecto ao seu funcionamento que poñían en dúbida non só a xestión da unidade se non todo o funcionamento da mesma, con acusacións gravísimas ao persoal respecto das súas tarefas. É coñecido que estes feitos tiveron como consecuencia o cese da supervisora, pero resulta moi curioso que o cese da mesma se levara a cabo meses despois de ter coñecemento dos feitos sendo ademais a única medida a tomar.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Por que ante a gravidade dos feitos que relata a auditoría non se produce o cese inmediato da mesma?
- Por que sendo dúas as persoas supervisoras da unidade, soamente se realiza o cese dunha?
- Por que non se toma ningunha medida respecto a postos de dirección con máis responsabilidade que dita supervisora?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019.

Asdo. Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 12/03/2019 18:18:51





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cumprimento da normativa vixente en materia de competencias lingüísticas para o acceso á función pública así como a garantía dos dereitos lingüísticos das galegas e dos galegos.

A Mesa pola Normalización Lingüística fixo pública a recepción de diversas queixas a través da Liña do galego que advirten da vulneración por parte da Xunta de Galiza da súa propia normativa ao non lle exixir ao profesorado de secundaria e da ESAD acreditar o seu coñecemento da lingua galega.

Segundo a información publicada pola Mesa pola Normalización Lingüística estaríamos a falar de persoas que están a traballar como profesorado de secundaria que non contan con certificado de validación do seu coñecemento da lingua galega e que tampouco fixeron proba específica de galego antes de opositar.

De igual maneira, na Escola Superior de Arte Dramática (ESAD), estaría a impartir aulas profesorado que, non contando no seu acceso á docencia con certificado de coñecemento da lingua galega, tampouco o tería obtido no prazo máximo establecido pola normativa vixente –dous anos.

Acreditar o coñecemento e uso con corrección e fluidez do galego por parte do persoal público, especialmente no ámbito educativo, é unha condición indispensable para garantir os dereitos lingüísticos das galegas e galegos así como para o proceso de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

normalización da lingua propia. É obriga, así mesmo, da Xunta de Galiza velar polo respecto escrupuloso dos devanditos dereitos.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten garantido a Xunta de Galiza que todo o profesorado de secundaria e da ESAD, de acordo co establecido na lexislación vixente, conta coa debida acreditación do coñecemento da lingua galega?
- De non ser aí, que medidas prevé adoptar ao respecto?
- Cre a Xunta que o coñecemento e uso da lingua galega é unha cuestión secundaria ou ornamental no acceso á función pública?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/03/2019 18:21:28

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2019 18:21:33

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2019 18:21:34

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/03/2019 18:21:36

Noa Presas Bergantiños na data 12/03/2019 18:21:37

Xosé Luis Bará Torres na data 12/03/2019 18:21:38



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez, Anxeles Cuña Bóveda, David Rodríguez Estévez e Luís Villares Naveira, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita.

O 31 de decembro de 2018, publícase no DOG o Decreto 166/2018, do 27 de decembro, polo que se declara ben de interese cultural a paisaxe cultural da Ribeira Sacra. Así, zonas de ribeira do Sil e Miño e ducias de monumentos xa son BIC, na categoría de Paisaxe Cultural. Con este trámite, a Xunta agarda dar un impulso á candidatura ante a UNESCO da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

Este trámite complétase sen ter en conta a maioría das alegacións, respondendo estas moi tarde (en decembro) e sen ter implicado efectivamente á cidadanía no proxecto.

A declaración é un avance para a conservación do Patrimonio, pero falta moito por facer.

En primeiro lugar, quedan fóra da consideración BIC numerosos elementos do Patrimonio de grande interese e, nomeadamente, aqueles que conservan restos románicos, un dos sinais de identidade destes territorios. Particularmente, quedan fóra da consideración de BIC elementos antigos e singulares, como a Cova rupestre do Cotillón, en Ferreira do Pantón.

Unha das alegacións presentadas por En Marea ao proxecto fora a necesidade dun plan de investimentos coordinado. Foi rexeitada, pero a Xunta anunciou que vai coordinar un plan de investimentos para a zona, sen que aínda haxa concreción do mesmo.





Falta por considerar a cuestión dos viñedos históricos e a súa recuperación.

Por outro lado, a ribeira do Cabe conta con numerosos elementos patrimoniais e produción vitícola dende antigo, pero foi excluída da Declaración, ao non estar ao mesmo nivel que o Sil ou o Miño. Do mesmo xeito, queda fóra parte do dominio do Bibei.

En canto ás grandes infraestruturas, non se realiza unha análise sobre o trazado da A-76 e a súa afectación patrimonial e paisaxística nin se establecen restricións para as infraestruturas de produción enerxética.

Para que a candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade sexa “unha oportunidade histórica” hai que acompañala dun plan de desenvolvemento socioeconómico integral da zona, así como dunha estratexia de conservación, estudo e divulgación do Patrimonio, acompañadas de orzamento e prazos de execución.

Á nosa alegación sobre a necesidade dun plan de conservación do Patrimonio inmaterial, respondeu a Xunta que isto xa está contemplado na Lei de Patrimonio e que non ha lugar. Pero o que sucede é que non se está a facer.

Polo exposto, as deputadas e deputados que subscriben, formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia, para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta impulsar unha campaña informativa sobre o Decreto de declaración BIC da Ribeira Sacra?
2. Cando vai a Xunta impulsar un plan de investimentos na zona da Ribeira Sacra coordinado entre as distintas administracións implicadas? Que orzamento vai dedicar a dito plan?



3. Como valora o grao de cumprimento das leis en materia de plantacións de piñeiros e eucaliptos na Ribeira Sacra? Que medidas vai impulsar a Xunta para a eliminación dos eucaliptos existentes no territorio?
4. Como valora a Xunta a conservación e divulgación do importante conxunto de petróglifos do sur de Lugo?
5. Vai a Xunta impulsar un plan específico de protección do Patrimonio inmaterial da Ribeira Sacra?
6. Cal foi o criterio que se tivo en conta para excluír da declaración BIC elementos como a Cova rupestre do Cotillón?
7. Por que á ribeira do Cabe non se lle deu a mesma consideración que ás do Sil e Miño?
8. Por que non se inclúe todo o ámbito do Bibeira na declaración BIC da Ribeira Sacra?
9. Considera compatible a declaración BIC da Ribeira Sacra cos atentados contra o patrimonio acontecidos no mosteiro de San Salvador de Asma?
10. Por que non se inclúen os sartegos antropomorfos na declaración BIC?
11. Ten prevista a Xunta algunha actuación para a protección e divulgación do Patrimonio paleolítico da comarca de Lemos?
12. Vai a Xunta aumentar o número de elementos BIC na zona da Ribeira Sacra?
13. Vai a Xunta prohibir de xeito expreso as aplicacións mineiras e as novas construcións hidroeléctricas e os grandes proxectos eólicos, que o actual expediente permitiría como excepcións?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Luca Chao Pérez



Anxeles Cuña Bóveda
Davide Rodríguez Estévez
Luís Villares Naveira
Deputadas e deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 12/03/2019 19:05:37

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 12/03/2019 19:05:43

Luca Chao Pérez na data 12/03/2019 19:05:48

David Rodríguez Estévez na data 12/03/2019 19:05:56

Luis Villares Naveira na data 12/03/2019 19:06:03



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Na información aos medios que achega a Xunta de Galicia sobre os acordos adoptados no Consello da Xunta, o pasado 7 de marzo establécese que no informe da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) sobre o balance de actuacións 2018, a “Xunta logrou aflorar 178,3 millóns de débeda non declarada en 2018 tras reforzar as actuacións de control fiscal”.

Na mesma nota informase de que a Axencia Tributaria de Galicia revisou 315.000 autoliquidacións, tanto do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AXD) como do imposto sobre sucesións e doazóns (ISD), que son os tributos que concentran a maior parte dos ingresos tributarios xestionados pola Xunta; sendo o 93 % das autoliquidacións revisadas correctas e só no 7 % dos casos foi modificada a autoliquidación presentada.

No mesmo senso, a Atriga concedeu 2.900 aprazamentos e fraccionamentos no pagamento de impostos autonómicos, por un importe de 20,8 millóns.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o contido do informe da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) sobre o balance de actuacións 2018?

2ª) Cales son as razóns polas que o dito informe non se atopa colgado na páxina web da Axencia Tributaria de Galicia nin na páxina de transparencia da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/03/2019 10:15:31





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 10:33:04
Nº Rexistro: 47682
Data envío: 13/03/2019 10:33:04.223

Abel Fermín Losada Álvarez na data 13/03/2019 10:15:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: P1mb9Dy0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Está demostrado que o consumo de peixe proporciona grandes beneficios á saúde humana porque contén unha alta concentración de nutrientes, vitaminas e minerais. O peixe é un dos alimentos máis saudables e unha das mellores fontes de ácido Omega 3, importante para o funcionamento do corpo, o cerebro, e para a prevención de varias doenzas. Recentes estudos tamén relacionan o seu consumo cun menor risco de padecer diabetes.

As recomendacións sobre consumo de peixe establecen unha proporción de 3 a 4 veces á semana (1 ración = 125-150 gramos). Pero esta frecuencia parece non se acadar na nosa comunidade, así queda reflectido no estudo realizado pola Unión de Consumidores de Galicia, no que se analizan as preferencias de consumo da poboación galega entre diferentes grupos de alimentos. Concretamente, inclúese un apéndice relativo ao consumo deste produto na nosa comunidade autónoma. Isto levouse a cabo co fin de avaliar se a dieta da cidadanía galega segue as recomendacións dos expertos e profesionais para unha alimentación equilibrada.

Os datos establecen que case a metade dos galegos e das galegas consumen peixe dúas ou tres veces á semana, por debaixo, polo tanto, da frecuencia recomendada. Un 27 % afirman consumilo só unha vez cada sete días e máis do 10 % con menor frecuencia ou nunca. Se se analizan os datos por idades, no colectivo formado por persoas de entre 18 a 30 anos, só o 37 % consume peixe unha vez por semana, e case un 19 % con menor frecuencia ou nunca.

Polo tanto, todas estas vantaxes que se asocian ao consumo de peixe na cantidade recomendada, desaparecen cando este consumo se fai en cantidades insuficientes.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego das conclusións deste estudo sobre o consumo de peixe elaborado pola Unión de Consumidores de Galicia?



2ª) Que valoración fai o Goberno galego en canto ao tramo de idade comprendida entre 18 e 30 anos, xa que só o 37 % do colectivo consume peixe unha vez por semana?

3ª) Vai levar a cabo algún tipo de actuación en relación coa baixa frecuencia de consumo de peixe na nosa comunidade autónoma, en caso positivo, que actuación?

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 13/03/2019 10:49:21

Patricia Otero Rodríguez na data 13/03/2019 10:49:39

Julio Torrado Quintela na data 13/03/2019 10:49:51



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No DOG do 17 de xullo de 2018 publicouse a Resolución do 11 de xullo de 2018, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia a contratación en 4 lotes e 255 sublotes, polo procedemento aberto multicriterio e tramitación ordinaria, da concesión de servizos de 255 cafeterías escolares desta consellería durante o curso 2018/19, coa reserva do sublote 3 dentro do lote 3 a centros especiais de emprego.

A citada contratación faise como consecuencia da aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e ten importe total do valor estimado de 3.720.000,00 € e ten 255 sublotes (cafeterías de centros): 107 na provincia da Coruña, 33 na de Lugo, 29 na de Ourense e 86 na de Pontevedra.

O día 6 de novembro de 2018 a mesma consellaría acordou o inicio do expediente de contratación en 4 lotes e 28 sublotes, polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria da concesión de servizos de 28 cafeterías escolares durante o curso 2018/2019.

Esta situación evidencia, *a priori*, que foron 28 das 255 cafeterías escolares as que non foron adxudicadas en tempo para garantir o seu funcionamento ao inicio do curso escolar.

Ademais, na páxina web de Contratos Públicos de Galicia figuran (na data na que se formula esta pregunta) 21 contratos formalizados, algún deles o día 31 de xaneiro de 2019, é dicir, catro meses e medio despois do inicio do curso.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal foi o motivo polo que se fixo necesario adxudicar o servizo de 28 cafeterías escolares nas datas antes sinaladas?



2ª) Careceron os centros concernidos de servizo de cafetaría escolar desde o inicio de curso ata a data de formalización dos contratos?

3ª) Porque non están adxudicadas nesta data a totalidade dos servizos de cafetaría escolar?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/03/2019 11:02:53

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/03/2019 11:02:59



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

No sesión plenaria celebrada o día 25 de xaneiro de 2017 foi aprobada a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dunha plataforma de elaboración das programacións didácticas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato para todos os centros docentes da comunidade autónoma de Galicia.

Na dita proposición, o texto aprobado establece que *“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a ampliar ás etapas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato a liña emprendida pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en formación profesional, poñendo, á maior brevidade posible, un conxunto de instrumentos e ferramentas informáticas, que permitan a elaboración das programacións didácticas acorde co modelo curricular vixente.”*

Con data 10 de marzo de 2017, e dada a transcendencia que este grupo parlamentario considera que ten a cuestión, foi rexistrada unha pregunta (co número de entrada 6425) sobre as accións que tiña iniciado a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar a finalidade prevista no texto aprobado.

Conscientes da dificultade da posta en marcha da dita plataforma, dificultade vinculada en gran medida á toma de decisións sobre o modelo e non ao soporte técnico ou informático preciso, este grupo parlamentario non formulou a pregunta ata a comisión 4ª celebrada o día 1 de xuño de 2017.

Do mesmo xeito, e coa finalidade de coñecer os avances experimentados, o día 5 de marzo de 2018 rexistrouse unha pregunta de idéntico contido que foi formulada na comisión 4ª celebrada o día 3 de maio de 2018.

En ambas comisións, o Sr. director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa informou das reunións mantidas e dos avances experimentados.



Transcorridos máis de dous anos da aprobación en pleno da dita iniciativa, parece necesario coñecer o estado actual dos avances, así como a perspectiva temporal da posta en funcionamento da plataforma en cuestión.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Que accións ten desenvolto, desde o inicio do curso 2017/2018, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para acadar a finalidade prevista no texto aprobado?
- 2ª) Que grao de desenvolvemento se ten acadado ata este momento?
- 3ª) En que momento considera a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que a plataforma estará plenamente operativa para o seu uso por parte dos centros educativos desta comunidade autónoma?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/03/2019 11:03:25

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/03/2019 11:03:34



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a incidencia da tuberculose e outras enfermidades asociadas a esta na poboación do xabaril

A tuberculose é unha enfermidade que afectou no ano 2014 a preto de 5.000 persoas inda que as persoas coa inmunidade comprometida son máis propensas a sufrila.

A tuberculose é unha enfermidade crónica causada pola infección do complexo “*Mycobacterium tuberculosis*”, endémico no xabaril e no cervo. A tuberculose causa unha de cada tres mortes no caso do xabaril que actúa como reservorio da mesma xunto cos cérvidos.

Estudos realizados confirman o nivel de prevalencia da tuberculose no 60% na especie do xabaril. Algún destes estudos realizados en Galicia datan do ano 2008 co que se fai necesario realizar un censo e un estudo epidemiolóxico con data do ano 2019, que estude tanto a incidencia da tuberculose como outras enfermidades nas que algunhas das variables estudadas foron o incremento da enfermidade debido ao incremento da especie, maior bolsa de caza debido a unha abundancia na poboación, xa que esta garda estrita relación coas altas taxas de infección por tuberculose. A caza pois, é unha ferramenta de xestión sanitaria útil nestes caso, pois permite a extracción de exemplares enfermos.





Outros avances producíronse no coñecemento da epidemioloxía da enfermidade e frear o avance en especies especialmente corzo e xabaril realizados por institutos de investigación.

A tuberculose gañou importancia e gravidade polo crecemento das poboacións do mesmo no xabaril nestas últimas décadas. O control da poboación, un censo que nos diga cantos exemplares hai e un estudo sobre a enfermidade da tuberculose é necesario, tamén para frear a transmisión a outras especies.

Ademais outros factores que inciden no incremento da densidade de poboación xabaril afectada pola tuberculose, son as agregación espacial nas fontes e pozas de alimentación e auga, o contacto con outras especies, como as vacas en extensivo, e que os xabaráis son carroñeiros, o que contribúe a estender a enfermidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta as seguintes preguntas:

- 1.- Sabe a Xunta cal é o número de xabaráis afectados por tuberculose? De cando é o último estudo epidemiolóxico feito en Galicia? Sabe a Xunta de canta poboación de xabaráis hai en Galicia actualmente? Hai algún censo feito?
- 2.- Que medidas pensa por en marcha para evitar o contaxio da tuberculose a través das fontes de auga, as pozas que usan as vacas no monte, lagoas e regatos, etc. a outros animais e mesmo ás persoas?
- 3.- Vai tomar algunha medida de eliminación de exemplares máis vellos de xabaril afectados pola tuberculose?





4.- Que medidas de control vai tomar a Xunta para frear o avance da tuberculose?

Santiago de Compostela a 13 de marzo de 2019.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Antón Sánchez García

Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 13/03/2019 18:06:19

Antón Sánchez García na data 13/03/2019 18:06:27

Luis Villares Naveira na data 13/03/2019 18:06:34

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2019 18:06:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez, Antón Sánchez García e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **escrita**, sobre o desmantelamento das Oficinas Agrarias Comarcais por parte da Xunta de Galiza.

O martes 12 de marzo de 2019 o FOGGA ou Fondo de Garantía Agraria publicaba unha resolución do 27 de febreiro de 2019 na que se daba publicidade do encargo é Empresa TRAGSATEC para a execución no ano 2019 de encargo de prestación de servizo na xestión de axudas do programa de actuacións para a aplicación da Política Agraria Común en Galicia no exercicio do ano 2019.

Así, na publicación do DOG recóllese como a actividade a realización de labores de apoio en servizos auxiliares, sobre xestión de expedientes ou mesmo auditoría na xestión interna, así como reforzo e apoio instrumental á xestión no ámbito dos servizos territoriais do FOGGA e das oficinas agrarias comarcais, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2019.

Hai uns días En Marea denunciaba a falta de substitución de persoal nas oficinas agrarias comarcais (OAC) de varias localidades. Agora xa sabemos por que non se van substituír, porque se fai unha substitución con outro persoal, que fará as mesmas funcións que se realizan nas OAC. Tramitación de axudas da PAC, xestión das mesmas, etc.

Este desmantelamento das OAC é un paso máis que realiza o goberno da Xunta para acabar co único apoio que tiñan os dous sectores clave de Galicia como son





o gandeiro e o agrícola. Agora, non queda máis que ir certificando a morte por extinción das OAC.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- É consciente a Xunta de Galicia que deixa desamparados aos sectores clave da economía de Galicia, gandería e agricultura, co desmantelamento das OAC?
- 2.- Por que non se substitúe ao persoal que se vai xubilando nas OAC?
- 3.- A que se debe que non se contrate máis xente? E que non se dediquen máis recursos persoais e materiais nas oficinas agrarias?
- 4.- É esta a forma que ten a Xunta de axudar aos sectores agrogandeiros en Galicia? Pensa a Xunta pechar as OAC e acabar tamén con todas as expectativas que había postas na recuperación destes sectores no rural?

Santiago de Compostela a 13 de marzo de 2019

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Luís Villares Naveira

Antón Sánchez García

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





David Rodríguez Estévez na data 13/03/2019 18:07:35

Luis Villares Naveira na data 13/03/2019 18:07:43

Antón Sánchez García na data 13/03/2019 18:07:49

Paula Vázquez Verao na data 13/03/2019 18:07:56



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Noela Blanco Rodríguez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta por escrito.**

Dende fai mais de cinco anos, unha veciña do concello de Abadín está a vivir unha situación de indefensión e desamparado inadmisíbel, unha situación que realmente non poderíamos pensar que puidera suceder en pleno século XXI.

P.L.F. é unha xubilada veciña de Abeledo, no concello de Abadín. Ten un grao de discapacidade do 84% e unha mobilidade moi reducida que lle obriga a utilizar unha cadeira de rodas. Pilar leva varios anos con graves problemas para saír e entrar na súa casa dado que os varios asfaltados que fixo o concello nos últimos anos sobre a pista que dá acceso a súa vivenda, fixeron que esta quedara a máis de 12 centímetros por riba da entrada. Isto supón, como ben se pode comprender, un obstáculo moi grave de accesibilidade e que fai moi difícil a súa vida diaria.

Este problema de accesibilidade que sofre Pilar non é recente. Xa en 2013 solicitou ao concello de Abadín, de quen depende a pista e quen fixo as obras de asfaltado, que solucionase o problema que el mesmo causara e que procedese a eliminación da barreira, pero nunca recibiu unha resposta do concello.

Ante esta situación, en novembro de 2015 presentou un escrito ante a Valedora do Pobo e uns meses despois foi presentada tamén unha queixa por este problema por mais de 50 veciños e veciñas de Pilar xunto con un informe técnico dun arquitecto que valora a supresión da barreira en 5.600 euros. Este informe tamén di textualmente que "hoxe en día o nivel do asfalto na fronte da casa supera nuns 15 centímetros o nivel da entrada" e que "fronte á vivenda a pendente para ascender ao camiño é superior ao 20 %, porcentaxe totalmente inadmisíbel."

A Valedora do Pobo instou ao alcalde de Abadín a arranxar esta situación e lle solicitou un informe técnico en 2016 e volveu a solicitalo dúas veces mais en anos sucesivos sen recibir ningunha contestación, polo que en 2018 recomendou ao concello de Abadín a que "con urxencia se realice a adaptación pendente que resulta viable e razoable e que ademais é consecuencia dunha actuación anterior nunha estrada municipal..." sen que tampouco nesta ocasión o concello fixera nada.



Esta queixa foi incluída pola Valedora do Pobo no seu informe ao Parlamento de Galicia pero a realidade é que esta veciña de Abadín leva cinco anos e medio sen recibir ningunha resposta do Concello de sufrindo unha clara inxustiza e una discriminación absoluta xa que non pode acceder a súa propia autonomía.

Ante esta situación é necesario lembrar ca *Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade*, ten por obxecto garantirles ás persoas con discapacidade a igualdade en relación coa accesibilidade universal e asegurarlles as condicións de seguridade e comodidade do xeito máis autónomo e natural posible e que todas as súas disposicións deben ser acatadas por todos os poderes públicos singularmente nas súas actuacións e especialmente no que toca á accesibilidade dende espazos públicos, incluíndo a súa reforma ou mantemento.

Incluso cabe mencionar a obriga establecida na normativa legal, no seu artigo 5, en relación aos os entes locais, os cales terán que elaborar plans especiais de actuación para adaptar as vías públicas, os parques e os demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade.

Igualmente, o artigo 44 desta lei recolle que corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a competencia para sancionar as condutas tipificadas como infraccións en materia de accesibilidade; e considera como infraccións graves, entre outras, os actos discriminatorios ou as omisións que supoñan directa ou indirectamente un trato menos favorable á persoa con discapacidade; ou o incumprimento das exixencias de accesibilidade, así como a negativa a adoptar as medidas de axuste razoable. Ao tempo que regula que os procedementos sancionadores poderanse iniciar de oficio por acordo do órgano competente autonómico.

Polo exposto as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Era coñecedora a Xunta de Galicia da actuación realizada polo concello de Abadín que, entre outros efectos negativos, imposibilitou o acceso a súa vivenda dunha persoa con discapacidade como consecuencia das obras realizadas no lugar do Coto, parroquia de Abeledo de dito concello?
- 2.ª) Realizou algunha actuación ou remitiu algún requirimento ao respecto ?
- 3.ª) Considera que a actuación realizada polo concello de Abadín debe ser obxecto de sanción ?



4.ª) Vai exercer a Xunta de Galicia a súa competencia sancionadora ?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 13/03/2019 18:41:22

Noela Blanco Rodríguez na data 13/03/2019 18:41:36

Patricia Otero Rodríguez na data 13/03/2019 18:41:43



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Costa da Morte é un territorio esquecido polo Goberno galego. Varios son os exemplos: os centros de día, como o de Corcubión, os Penedos de Pasarela e Traba, paisaxe protexida, única, co Decreto 294/2008 sen desenvolver, desde hai máis de 10 anos; o abandono dos nosos portos, como o caso de Camariñas, pendente de labores de mantemento, e así poderíamos continuar poñendo exemplos do dito abandono.

Pero hai unha cuestión que nos preocupa enormemente, que afecta á seguridade viaria, como exemplo temos o concello de Vimianzo no que hai moito malestar polo lamentable estado de deterioro da maioría dos pasos de peóns nas estradas que cruzan o concello xa que carecen de iluminación e teñen a pintura reflectante moi deteriorada. En definitiva non existe mantemento. A cidadanía demanda medidas para evitar os repetidos casos de atropelos e outros accidentes.

Esta cuestión, aínda que xeneralizada, é especialmente preocupante no caso da AC-552, na entrada de Vimianzo á altura do centro comercial Fonte dos Cabalos, onde se atopa un dos pasos de peóns máis perigosos. Precísase dunha actuación urxente que permita iluminar e sinalizar ben os pasos de peóns e poñer todas as medidas necesarias para que se poidan usar con total seguridade. Son varios os casos de atropelos nese paso, e o último a un menor que sufriu danos considerables.

Desde o noso grupo entendemos que se deben levar a cabo actuacións con carácter inmediato para dotar de seguridade as estradas galegas, que percorren os concellos, en canto ao estado de iluminación e sinalización dos pasos peonís, e así evitar novos accidentes. Estas medidas deberían incluír: sinais luminosas, pintura de pasos peonís, sinais de limitación de velocidade, pasos elevados, e calquera outra que contribúan á mellora da seguridade viaria.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai levar a cabo o Goberno galego algunha medida para garantir a seguridade da estrada AC-552 en canto á necesidade de instalar sinais luminosas, pintura de pasos peonís, sinais de limitación de velocidade, pasos elevados, e calquera outra



que contribúa á mellora da seguridade viaria. ante os continuos sinistros e atropelos que se están a producir? En caso positivo, cando e cales?

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 13/03/2019 19:11:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/03/2019 19:12:00

María Luisa Pierres López na data 13/03/2019 19:12:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á valoración por parte do goberno galego do sector financeiro e da posición de Abanca.

Dende o Bloque Nacionalista Galego opuxémonos a que no seu momento se privatizase Novagalicia Banco, defendendo que a entidade permanecese no sector público, ao servizo da economía galega e nomeadamente dotando de financiamento aos nosos sectores produtivos, transformándose nunha especie de “banco nacional galego”.

Porén, a privatización de Novagalicia Banco (NCG) levouse a cabo, nun proceso que rematou en decembro de 2013. Previamente, anunciouse unha inxección pública de 8.981 millóns de euros para o seu saneamento, aínda que posteriormente o Tribunal de Contas elevou o custe do saneamento de NCG a 9.159 millóns, anunciando o tribunal que esa cifra aínda non era definitiva. Deste xeito, Novagalicia Banco foi vendida a Banesco por un prezo nove veces menor ao custe de saneamento declarado, concretamente por 1.003 millóns de Euros.

Así, o FROB recoñeceu que a venda ocasionaba unhas perdas para o Estado de máis de 8.000 millóns. Porén, á hora de facer este cálculo, o FROB infravalorou o custo das coberturas públicas das que se beneficiou o comprador, polo que as perdas foron maiores.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte, a venta da entidade levouse a cabo dun xeito apresurado, a pesares de que existía prazo ate o 2017 para levar a cabo o proceso.

No 2015 observamos como unha entidade vendida polo FROB por apenas mil millóns de euros, obtiña xa no seu primeiro ano de operacións, a 2014, un beneficio de 1.157 millóns de euros, contradicindo rotundamente a previsión contida no informe no que se baseou o FROB para a posta en venta da entidade. Ao ano seguinte, no 2015, os beneficios ascenderon a 330 millóns de euros, e entre o 2016 e o 2018 esta contía ascendeu a 334, 367 e 430 millóns de euros respectivamente. Polo tanto, dende que Abanca foi mercada por Banesco, os seus beneficios ascenderon a 2.618 millóns de euros, case triplicando o seu custe de adquisición.

En definitiva, está sen aclarar en toda a súa magnitude cal foi o custo real para o erario público da decisión de vender Novagalicia Banco, así como o custo de facelo de xeito anticipado mais en calquera caso, como o Grupo Parlamentar do BNG ten denunciado, foi unha venta a perdas que non permitiu recuperar un só euro do diñeiro destinado ao seu saneamento, significou un custo adicional para o Estado, e á vista dos beneficios da entidade, un negocio totalmente ruinoso para as arcas públicas.

Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza demande do goberno do estado que proporcione a información necesaria para coñecer o custo real para o erario público da decisión de vender anticipadamente Novagalicia Banco, e que faga públicos os documentos que presuntamente fundamentaron esta decisión.

Mentres Abanca contabiliza por centos de millóns os seus beneficios anuais, os novos propietarios do banco desfíxéronse de gran parte da súa carteira industrial, que na súa maioría estaba radicada en Galiza (caso da venta da súa participación en R Cable a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Euskaltel) e anuncian plans para adquirir entidades fóra de Galiza, como o recente interese e intento de adquisición falido –ate o momento- de Liberbank.

Os dous aspectos desta estratexia (desprendemento da carteira industrial e tentativa de expansión fora de Galiza mediante a adquisición de entidades que operan fóra de Galiza) non fan máis que acentuar a perda de vencello económico con Galiza dunha entidade que é a sucesora das antigas caixas de aforro galegas, e que antes da súa venda foi saneada con recursos públicos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Coñecidos os custos do seu saneamento para as arcas públicas e os enormes beneficios que está a xerar Abanca, cal é a valoración do Goberno sobre o proceso de venda de Novagalicia Banco a Banesco?

-Vai demandar do Goberno do Estado que proporcione a información necesaria para coñecer o custo real para o erario público da decisión de vender anticipadamente Novagalicia Banco?

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza da estratexia de Abanca que combina o desprendemento da súa carteira industrial galega e as tentativas de adquisicións de entidades financeiras foráneas?

-Cre a Xunta de Galiza que esa estratexia vai a ter un impacto positivo na economía galega?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que repercusións cree a Xunta de Galiza que terá a estratexia de Abanca de venta das súas participacións industriais na economía galega, nomeadamente no seu desenvolvemento empresarial?

-Cal é a valoración realiza a Xunta de Galiza da tentativa ate o momento fallida de adquisición de Liberbank por parte de Abanca?

-Non opina a Xunta de Galiza que o desprendemento da carteira industrial e a adquisición de entidades que operan fóra de Galiza non fai máis que acentuar a perda de vencello económico con Galiza da entidade herdeira das caixas de aforro e saneada con recursos públicos?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 13/03/2019 19:23:47

María Montserrat Prado Cores na data 13/03/2019 19:23:52

Ana Pontón Mondelo na data 13/03/2019 19:23:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/03/2019 19:23:55

Olalla Rodil Fernández na data 13/03/2019 19:23:56

Xosé Luis Bará Torres na data 13/03/2019 19:23:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao impacto do turismo na economía galega e ás medidas que debe impulsar o goberno galego para a redución da súa temporalidade e precariedade.

O impacto socioeconómico do turismo en Galiza é innegábel, pois supón anualmente máis do 11% do produto interior bruto de Galicia e do 12% do emprego. Aínda que a explotación de datos do IGE tanto das afiliacións da Seguridade Social como mediante a EPA non permiten coñecer de forma directa o emprego no turismo en Galiza son numerosos os indicadores que podemos poñer en contraste para diagnosticar a situación.

Por exemplo, con respecto ás afiliacións á Seguridade Social, a rama da CNAE que mellor pode aproximar a evolución do turismo é a da hostalería, onde observamos que o incremento da ocupación total, tanto dende o primeiro dato dispoñíbel, do 2016, como no último ano, foi a metade de intensa que no conxunto estatal.

Así mesmo, outros organismos con acceso a explotacións máis completas destas fontes de datos, si que ofrecen un maior detalle en canto ao emprego no turismo. Por exemplo, o Ministerio de Industria, comercio e Turismo ofrece como datos relativos ao turismo a suma de hostalería e axencias de viaxe. Porén, dado o peso do hostalería, os datos son moi similares.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para realizar unha aproximación máis exacta ao emprego turístico necesitaríamos poder explotar os datos da afiliación á SS Social a un nivel inferior ao de ramas da CNAE ou unha explotación completa da EPA, isto é o que realiza anualmente a área de Estudos e investigación do Observatorio turístico dependente da Xunta de Galiza.

Ollando o último informe de 2017 observamos como a ocupación no turismo apenas medrou dende o 2010, xa que no 2017 a ocupación no turismo, usando a EPA, foi de 113.540 persoas, mentres que no 2010 (que ofrece datos trimestrais) observamos unha ocupación moi similar e mesmo no terceiro trimestre superior (115.799). Podemos comprobalo nas seguintes táboas. No avance facilitado pola Consellaría de Cultura e Turismo respecto 2018 coñecemos que a cifra se elevou a 119.470.

Así mesmo, á espera de datos máis recentes, sabemos que a taxa de temporalidade do sector é moi alta, do 37,6%, mentres que a media galega do conxunto de actividade sitúase no 27%, como podemos comprobar na seguinte táboa.

Ademais, as mulleres teñen unha taxa de temporalidade maior, do 40,9 fronte ao 34,1%, chegando as mulleres de entre 16 e 29 anos con estudos secundarios que traballan no sector de servizo de comidas e bebidas a ter taxa de temporalidade do 65,3% como sinala o Informe 2017.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita

-Que medidas vai impulsar o goberno galego para a redución da temporalidade e precariedade do emprego do sector turístico de Galiza?

-Como avalía o goberno galego o impacto económico do sector turístico? E no emprego? Como avalía a evolución durante a última década?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como valora o goberno da Xunta que a taxa de temporalidade do sector sexa tan alta?

-Como avalía o goberno galego que as mulleres teñan unha taxa de temporalidade maior da que os homes? Ten impulsado algún estudo verbo disto? E sobre a fenda salarial?

-Que medidas de negociación colectiva específicas do sector vai impulsar a Xunta?

-Ten dialogado coas forzas sindicais galegas sobre estas cuestións?

-Considera o goberno galego que a precariedade laboral ten un impacto negativo na nosa imaxe turística? Que vai facer ao respecto?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/03/2019 11:04:16

María Montserrat Prado Cores na data 14/03/2019 11:04:25

Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2019 11:04:26

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/03/2019 11:04:32

Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2019 11:04:33

Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2019 11:04:39



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Concello das Pontes de García Rodríguez contaba en 2018 con 10.237 habitantes, o 24,2% maiores de 65 anos.

No ano 2012 púxose en funcionamento, por parte do Consorcio de Igualdade e Benestar, un Centro de Día de atención ás persoas maiores, con 30 prazas. A xestión é competencia do Concello e actualmente está xestionado por Eulen. Neste momento, as prazas habilitadas son 22 e hai 8 persoas en lista de agarda, malia que segundo a Xunta de Galicia, a día 28 de decembro de 2018 había 5 persoas en lista de agarda para Centro de Día no Concello das Pontes.

No Concello funciona unha residencia de iniciativa privada con ánimo de lucro dende o ano 2011, con 56 prazas autorizadas, ningunha delas financiada. Os prezos das prazas son os seguintes:

- para persoas con autonomía: 1.359,57 €
- para persoas con dependencia:
 - grao I: 1.441,10 €
 - grao II: 1.522,72 €
 - grao III: 1.577,11 €

A residencia ten 19 efectivos de persoal de Atención Directa.





Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte pregunta:

1. Vai a Xunta consignar fondos para aumentar as prazas de centro de día no Concello das Pontes?
2. Como valora o feito de que, habendo lista de agarda, o Centro de Día teña prazas non habilitadas?
3. Considera a Xunta que os prezos da residencia privada das Pontes son asumibles para a maioría das persoas que precisan este recurso?
4. Vai a Xunta impulsar unha residencia pública nas Pontes?
5. Cal é o número de horas de SAF de Dependencia que financia a Xunta ao Concello das Pontes?
6. Cal é o listado de persoas en lista de agarda para prestacións de Dependencia no Concello das Pontes, desagregado por Grao e por tipo de prestación?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2019 11:07:52



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, sobre a base da necesidade de que na conxuntura económica existente era necesario mellorar a eficiencia das administracións públicas no uso dos recursos públicos, estableceu no seu artigo terceiro que *“A parte lectiva da xornada semanal do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros públicos e en centros privados sostidos con fondos públicos será, como mínimo, de 25 horas en educación infantil e primaria e de 20 horas nas restantes ensinanzas, sen prexuízo das situacións de redución de xornada recollidas na normativa vixente”*

En aplicación desa previsión normativa, a entón Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ditou a Orde do 4 de xuño de 2012, pola que se modifica o artigo 4 da Orde do 23 de xuño de 2011, pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, co que o horario dos docentes queda establecido do seguinte xeito:

- 1 A xornada semanal do persoal funcionario docente e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación especial será de trinta e sete horas e media, das cales dedicaranse trinta horas ás actividades do centro con presenza nel. Das ditas horas, 25 terán carácter lectivo, a razón de cinco horas diarias, de luns a venres.
- 2 A xornada semanal do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, programas de cualificación profesional inicial, bacharelato, formación profesional específica, ensinanzas artísticas, de idiomas e deportivas será de trinta e sete horas e media, das cales dedicarán trinta ás actividades do centro con presenza nel. Destas 30 horas semanais, 23 serán de horario fixo no centro educativo.

Destas 23 horas, 20 terán carácter lectivo e as tres restantes distribuiranse entre dúas gardas e unha hora de titoría de pais e alumnos.



O Boletín Oficial do Estado do 8 de marzo de 2019 publica a Lei 4/2019, do 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e o ensino no ámbito da educación non universitaria que na súa disposición derogatoria única establece que quedan derogados os artigos 2, 3, e 4 do Real Decreto-lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

Polo tanto, a Comunidade Autónoma de Galicia non ten que manter os horarios mínimos que se contemplan na regulación en vigor, situándose, polo tanto, o seu mantemento na mera vontade política de que sexa así.

E todo o anterior nun contexto no que se reduciron, segundo datos da propia Xunta de Galicia, 1.539 docentes non universitarios entre o ano 2008 e o 2018.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Ten intención a Xunta de Galicia de modificar o actual marco normativo que regula os horarios do persoal docente non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia?

2ª) Se non o vai facer, en base a que razóns considera necesario manter ese marco?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/03/2019 11:43:14

Maria de la Concepción Burgo López na data 14/03/2019 11:43:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O Concello de Culleredo contaba en 2018 con 30.221 habitantes, 5.019 habitantes maiores de 65 anos.

Os centros de día constitúense como un dos servizos que máis facilita a conciliación das persoas coidadoras de maiores e persoas dependentes, así como un recurso para permitir a socialización de persoas maiores (sobre todo de persoas que viven en lugares do rural con pouca poboación) e a realización de actividades que fomentan a autonomía persoal. Son un servizo que garante a permanenza da persoa maior no seu domicilio e o respiro familiar ás coidadoras destas persoas.

Segundo a Xunta de Galicia, a día 28 de decembro de 2018 había 3 persoas en lista de agarda para Centro de Día no Concello de Culleredo.

Por outra parte, é insuficiente o número de prazas de atención residencial e de centro de día para persoas dependentes con diversidade funcional, padecendo as familias unha elevada carga psicolóxica e física, para as cales son fundamentais as prazas de respiro familiar. É un problema xeral de Galicia a falta de prazas de atención a persoas maiores de 21 anos que, logo da etapa educativa en Centro de Educación Especial, non contan con centros de continuidade.

Para as persoas con diversidade funcional existe unha época crucial, aos 21 anos, cando se pasa do ensino aos centros de día: ao haber lista de agarda, prodúcese





unha estadía na casa sen atención específica. Asemade, a falta de prazas de proximidade obriga a longos desprazamentos das familias.

É un problema xeral a insuficiencia de prazas de respiro familiar no sistema de Dependencia da Xunta.

En Culleredo, hai un centro de día público, do Consorcio, con 60 prazas; un centro de día de maiores, con 40 prazas, privado, sen prazas financiadas; outro centro de día de maiores privado, con 28 prazas; hai autorizado outro centro de día de maiores con 40 prazas.

No eido da Discapacidade, hai un centro ocupacional con 20 prazas, e outro centro orientado á atención a persoas con TEA, con 30 prazas.

Polo exposto, a deputada que subscribe, formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

1. Vai a Xunta consignar fondos para aumentar as prazas de centro de día no Concello de Culleredo?
2. Vai a Xunta dotar prazas en centro de día para atención a persoas con diversidade funcional no Concello de Culleredo?
3. Vai a Xunta crear prazas de respiro familiar no Concello de Culleredo, orientadas ás familias con persoas con diversidade funcional?
4. Como vai resolver a Xunta a falta de prazas de atención residencial e de centro de día para persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos, para garantir a continuidade no fomento da autonomía persoal das persoas en Centros de Educación Especial?
5. Como vai a Xunta resolver as necesidades de conciliación das familias con persoas con diversidade funcional?





6. Cal é o listado de persoas en lista de agarda para prestacións de Dependencia no Concello de Culleredo, desagregado por Grao e por tipo de prestación?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 14/03/2019 12:13:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

No Pleno do Parlamento galego do día 13 de marzo de 2019, aprobouse unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego relativa ás accións que debe impulsar a Xunta de Galiza para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega co seguinte texto.

O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a impulsar as seguintes accións para a incorporación cláusulas de igualdade na contratación pública galega:

1. Definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade onde se contemple: diagnose, planificación para a posta en marcha e mecanismos de avaliación.

2. Designar unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade.

3. Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno.



4. Elaborar e remitir á Cámara Galega un informe anual da implantación progresiva das cláusulas de igualdade que incorpore información tanto estatística como cualitativa e a difusión de experiencias e boas prácticas

5. Impulsar as modificacións legais oportunas para blindar legalmente a obrigatoriedade da inclusión deste tipo de cláusulas na contratación pública galega.

Polo tanto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego para a incorporación cláusulas de igualdade dando cumprimento aos acordos impulsados o 13 de marzo de 2019?

-Está a traballar o goberno galego para definir e aprobar, en colaboración coas forzas políticas, sindicais e axentes sociais e económicos, no prazo de 6 meses o proceso metodolóxico para a implantación de cláusulas de igualdade? A través de que organismos?

-Designou xa a Xunta de Galiza unha comisión responsábel do seguimento do proceso e da avaliación periódica na que obrigatoriamente estea incorporada unha persoa representante da Secretaría Xeral de Igualdade? Ten valorado como o vai facer? E en que prazos?

-Vai impulsar o goberno galego accións para Garantir un grupo técnico multidisciplinar para fornecer a asistencia técnica especializada que precisen as áreas de goberno? De que forma?

-Que planificación ten o goberno respecto de remitir á Cámara Galega un informe anual sobre estas cuestións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten avaliado o goberno galego a capacidade do marco legal sobre contratación pública para impulsar o establecemento de cláusulas de igualdade?

-Ten contrastado a Xunta de Galiza experiencias doutros gobernos nesta liña? Con que resultado?

-Por que non dá resultado a guía para unha contratación pública socialmente responsable? Considera que ten suficiente perspectiva de xénero?

-No Decreto en materia de igualdade faise algunha referencia como no artigo 67 que dá preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade, como valora o seu cumprimento?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 14/03/2019 12:38:12

María Montserrat Prado Cores na data 14/03/2019 12:38:17

Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2019 12:38:18

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/03/2019 12:38:19

Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2019 12:38:21

Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2019 12:38:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

A situación límite que atravesamos a nosa industria non permite demoras na aplicación de medidas, que seguen a estar condicionadas pola contra atrás para evitar a execución dos despedimentos na fábrica de Alcoa, que remata o 1 de xullo, e polo fraudulento ERTE de Ferroatlántica nas fábricas de Cee e Sabón.

Desde hai meses, o goberno central leva demorando a publicación dun Estatuto para a industria electrointensiva, que podería axudar a saír desta difícil situación. Despois de repetidos anuncios por parte do goberno central vimos de coñecer que será aprobado o 26 de abril. Porén, no momento de asinar esta iniciativa a Xunta de Galiza afirmaba non ter aínda coñecemento do borrador. Tampouco os comités de empresa cos que este Grupo Parlamentar ten contacto.

Sen lugar a dúbida, o que recolla ou non este futuro Estatuto condicionará en boa medida o futuro e perspectivas de importantes empresas do noso país. Cómpre, así mesmo, analizar a evolución do sector no último ano e as medidas de impulso que debe arbitrar a Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos, a preocupación deste Grupo Parlamentar lévanos a presentar as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Ten analizado o goberno galego o contido do Estatuto da Industria Electointensiva? A través de que organismos? Valorouno coas principais empresas electointensivas galegas? E coa representación das e dos traballadores?

-Ten pensado o goberno galego impulsar algunha mesa de negociación para reclamar ao central a corrección das cuestións que poidan ser prexudiciais para Galiza?

-En que medidas de impulso ao sector electointensivo traballa o goberno galego?

-Como valora o goberno galego a evolución do sector no último ano?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 14/03/2019 12:58:00

María Montserrat Prado Cores na data 14/03/2019 12:58:06

Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2019 12:58:07

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/03/2019 12:58:09

Olalla Rodil Fernández na data 14/03/2019 12:58:10

Xosé Luis Bará Torres na data 14/03/2019 12:58:11



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e María Dolores Toja Suárez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Nunha recente sentenza, o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra vén de ratificar a sanción imposta pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia ao Porto de Vilagarcía por autorizar o vertido, agora ilegal, de residuos ao mar por volume de máis de 7000 metros cúbicos. Esta infracción, grave, resulta nun enorme problema de carácter medioambiental, xa que estamos a falar de “unha auténtica montaña formada por terra, pedras, asfalto, tubos de plástico, madeiras e formigón” como se cita na propia sentenza.

A sanción imposta vén a reforzar a idea de que a Autoridade Portuaria actuou de costas á legalidade, pois non existiu ningún trámite administrativo para saber se era posible, ademais de exercer un total abandono sobre o coidado da ría.

A actuación da Autoridade Portuaria é merecedora de sanción, segundo a Xunta de Galicia. Non en tanto, ademais da sanción económica, non temos noticias de que o Goberno, en concreto a través da Consellería de Medio Ambiente, teña previsto esixir responsabilidade á dirección do Porto de Vilagarcía ou aos seus propios representantes no Consello de Administración desta entidade.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia da actuación da dirección do Porto de Vilagarcía respecto da autorización dun vertido ilegal de escombros e residuos ao mar polo que agora é condenado o Porto en sentenza do Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra?
2. Considera a Xunta de Galicia que a Dirección do Porto de Vilagarcía actuou de mala fe cando autorizou verter os residuos ao mar saltándose o procedemento legal?
3. Soubo a Xunta de Galicia da situación por vía dos seus representantes no Consello de Administración do Porto? Cando?



4. Solicitaron os representantes da Xunta de Galicia no Consello de Administración do Porto algunha información sobre o caso? Presentaron algunha queixa ante o coñecemento que tiveran deste caso?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia esixir responsabilidade á Dirección do Porto de Vilagarcía ou aos seus propios representantes no Consello de Administración desta entidade?
6. Quen vai pagar a sanción imposta?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
María Dolores Toja Suárez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 14/03/2019 16:22:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2019 16:22:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/03/2019 16:22:50

María Luisa Pierres López na data 14/03/2019 16:22:56

María Dolores Toja Suárez na data 14/03/2019 16:23:02



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No mes de maio do pasado ano, a ex conselleira de Medio Ambiente avanzaba que, “en breve”, sería presentado o anteproxecto da futura Lei de residuos e solos contaminados de Galicia e que entraría na Cámara antes de rematar aquel ano 2018.

De novo, case un ano despois, o Consello da Xunta de Galicia era informado do contido do anteproxecto daquela lei co fin de, segundo explicou o propio presidente en rolda de prensa posterior, chegar aos obxectivos que marca a Directiva marco de residuos, do ano 2008. Dicía o señor Núñez Feijóo que, con este anteproxecto, Galicia avanzaría na senda da economía circular e na loita contra o cambio climático. O que non especificou foi cando verán a luz esa lei e os dous documentos de estratexia, todos anunciados hai moitos meses e dos que nada se sabe.

Nese anuncio post consello, recoñecía-se que a Lei de residuos de Galicia (de 2008) está desfasada e o certo é que así é: toda a normativa da Xunta de Galicia sobre residuos está desfasada e, por desgraza, en Galicia o Goberno segue a perder a oportunidade de ocupar un importante espazo político na escena internacional e estar xunto cos países que lideran a loita contra o cambio climático, tamén nos residuos, recoñecendo agora o seu propio suspenso na xestión de residuos e botándolle a culpa aos concellos.

A Comisión Europea informa que Galicia non chega nin ao 20 por cento da reciclaxe dos residuos municipais (os concellos de máis de 5 000 habitantes deberíanse comprometer a implantar unha recollida selectiva de lixo orgánico antes de finais de 2020 e os de menos antes de finais de 2023), mais iso non impide que no informe que presentou tamén o Consello da Xunta de Galicia sobre o exercicio 2018 da entidade Sogama se presuma doutra cousa. Así, gábase o Goberno galego da transición ordenada e do avance cara a un novo concepto empresarial onde priman os principios da economía circular, a innovación tecnolóxica e a sustentabilidade. E o nivel de cinismo ascende a cotas indescribibles cando se gaba de aprobar unha bonificación do 10 por cento para



“premiar” a aqueles concellos que voluntariamente decidiron acollerse á rebaixa e repercutila no recibo dos seus veciños e veciñas, comprometéndose cunha xestión sostible dos residuos urbanos -cando o certo é que non hai bonificación algunha senón unha rebaixa dun 10 por cento daquela suba de case un 33 por cento no canon do ano 2013-.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Entende o Goberno galego que o Consello da Xunta de Galicia é o lugar axeitado para anunciar un anteproxecto de lei?
2. Pensa o Goberno que é apropiado “reanunciar” o anteproxecto da futura Lei de residuos e solos contaminados de Galicia case un ano despois de que fose anunciado pola ex conselleira de Medio Ambiente na propia Cámara?
3. É esta a présa que ten o Goberno para avanzar na senda da economía circular e na loita contra o cambio climático?
4. Para cando as estratexias de loita contra o cambio climático e de economía circular?
5. Pensa o Goberno que toda a normativa da Xunta de Galicia sobre residuos está desfasada?
6. Se a resposta fose positiva, por que non a mudou antes?
7. Que vai facer o Goberno para que os concellos de máis de 5 000 habitantes acaden a recollida selectiva de lixo orgánico antes de finais de 2020 e os de menos de 5 000 habitantes antes de finais de 2023?
8. Por que usa o Goberno un eufemismo cando fala de “premio” a aqueles concellos que se acolleron á rebaixa do 10 por cento no canon do recibo do lixo?

Pazo do Parlamento, 14 de marzo de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia






Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 14/03/2019 17:16:18

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/03/2019 17:16:24

María Luisa Pierres López na data 14/03/2019 17:16:30





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

